

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 14 DE XULLO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catorce de xullo de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto.. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local correspondentes aos días 2, 9,16 e 30 de xuño de 2021, así como a acta da sesión do 23 de xuño actual, coa rectificación do erro informático padecido na mesma.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dunha plataforma para a xestión integral do patrimonio municipal e do seu inventario que permita a integración con ferramentas de sistema de información xeográfica (XIS), a través da estratexia dusi denominada “da Muralla ao Miño-Muramiñae” coa cofinanciación do 80% da unión europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional e a apertura do procedemento de adxudicación. Expte. ref. 2021/C003/000025

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra “Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2901 a LU-P-2901 en Poutomillos. Parroquia de Poutomillos” Obra incluída no plan provincial único de cooperación” e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000042

Acórdase a desestimación da reclamación de danos e prexuízos polo período do silencio da solicitude de prórroga na contratación dun servizo de información e dinamización dos centros de dinamización sociocultural sitios na zona rural, espazos propiedade do Concello de Lugo, e dirixido ás veciñas e veciños das

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac8010953524999021370.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 14-7-2021

zonas rurais do Concello de Lugo mediante sete (7) lotes. (Expte. ref. 8-2018).

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2901 á Igrexa de San Pedro de Mera. Parroquia de San Pedro de Mera". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000039

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal desde o Vilardon o limite municipal co Concello de Outeiro de Rei. Parroquia de Tirimol". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000035

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal de Conturiz a Cardoso. Parroquias de Santo Andre de Castro e San Mamede dos Anxos". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000037

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de "Mellora do firme da estrada municipal da Igrexa de Camoira ao núcleo de Maira. Parroquia de Camoira". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000034

Acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra "Mellora do firme da estrada municipal da N-540 á estrada de Bazar e da N-540 a o núcleo de o Corral de Abaixo. Parroquia de Calde". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2021-C002-000038

Acórdase a adxudicación na contratación mediante lotes dun servizo de organización, programación, desenvolvemento, execución, divulgación e difusión de actividades a realizar, dentro da estratexia global de dinamización, reconstrución e reactivación da economía local (2021/2022) no municipio de Lugo. Exp. Ref. 2021/C003/000006.

3. PERSOAL.- Acórdase a prórroga das comisións de servizos en diversos postos de traballo do Concello de Lugo.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. PLANEAMENTO.- Acórdase a denegación da aprobación inicial do estudo de detalle de agregación das unidades edificatorias 130201 e 130202 (praza do Ferrol, 12, 12A e 13) do Pepri.

5. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para parcelamento da parcela sito na rúa Juan Jacobo Durán Loriga (vial D) - rúa Rafael Cardóniga Carro (vial C, coincidente co ámbito do proxecto sectorial parque empresarial das Gándas, fase II, (expte: 2021/Y005/000011) e para reforma de vivenda unifamiliar consistente na reforma da cuberta, nova distribución interior e apertura de ocos en fachada, na rúa Codesal, número 7 (expte: 2021/Y001/000147).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcadesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.